

UN NOVO COMPAÑEIRO

Hoxe como cada día vou de camiño para a Facultade de Dereito. Esta noite non durmín como as demais; estou un pouco nerviosa porque chega un novo compañeiro á miña clase. Pregúntome como será, como se chamará,... Cando xa estabamos todos e todas sentadas nas nosas cadeiras agardando polo mestre, chegou un rapaz nunha cadeira de rodas e sen pernas. Quedamos moi sorprendidos/as. Tras del, viña o mestre. Presentouse, chamábase Marcos, vivía en Santiago de Compostela coma nós e estaba estudando nunha Facultade de A Coruña pero tivo que vir rematar a carreira aquí. Ao principio ninguén quería estar con el; eu non podo negar que me sorprendeu moito que un rapaz coma el estivese estudando o mesmo ca min.



Un día cando todos fomos tomar algo á cafetaría ningún dos meus amigos, amigas e compañeiros convidou a Marcos a que viñese con nós. Decidín ir á mesa onde estaba tomando o seu café e pregunteille se podía sentar con el. Díxome que si sen problemas e mesmo se alegrou moito ó ver que alguén se sentara con el. Comezamos a falar e, despois de estar un bo anaco con Marcos, dinme conta do bo rapaz que era. Deille o meu número de teléfono móbil para poder falar máis a miúdo.

Unha tarde cando estaba dando un paseo polo Parque da Alameda atopeime con Marcos e púxenme moi contenta ao velo, aínda que os meus compañeiros pensaran mal sobre el ao ver que non era igual ca nós. Eu non lles fago caso, porque pensao que por estar nunha cadeira de rodas todos e todas somos iguais.

Fomos tomar algo a un bar e dinme conta do difícil e complicado que é andar pola rúa en cadeira de rodas. Marcos contoume que xoga nun equipo de baloncesto, que lle gustan moito os deportes e que practica todos os que pode.

Pasado un tempo Marcos e mais eu virámonos moitos días e fixerámonos moi bos amigos. Fun durante algún días ver como xogaba ao baloncesto e facía carreiras en natación.

Antes non o valoraba tanto pero agora deime conta que por ter unha discapacidade podes ser moito mellor persoa que unha persoa que non a ten.

Despois dun tempo os meus compañeiros e compañeiras tamén se fixeron grandes amigos de Marcos. Todos xuntos fomos velo gañar moitas medallas e premios por todos os logros que conseguiu. Pode ser sorprendente pero é certo, Marcos conseguiu moitas cousas grazas á súa forza por lograr todo iso. Eu sinceramente admíroo, como persoa e como ser humano.

Con esta historia que fixen intento transmitir que por ser discapacitado non se pode desprezar a ninguén, porque é igual ou mellor ca nós.

UXÍA CARBALLO AIRA (2º ESO)